Os denominados tramos C e D están incluídos en sectores de solo urbanizable R 11 e R5 respectivamente. Estes solos urbanizables están remitidos no PXOM á redacción dun plan parcial prevéndose na estratexia de actuación o seu desenvolvemento do PXOM no segundo cuadrienio. Estando pendente a día de hoxe a súas tramitación. Os terreos obteranse por algún dos sistemas previstos na lexislación urbanística.

O tramo C prevese a obtención do solo mediante a expropiación, mentres que para o tramo D dentro do SUD R5 en data un convenio entre o concello e os propietarios do solo para a ocupación dos 3.604m² necesarios (DOG 29/09/2025)

O denominado tramo E discorre por terreos clasificados como solo urbano non consolidado, SUNC-UU-R2 este ámbito devén do denominado polígono 5 no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 20 de maio de 2003.

Este plan xeral contiña a ordenación detallada do nomeado polígono 5, que foi desenvolvida mediante estudio de detalle relativo ao reaxuste das aliñacións e establecemento das rasantes das vías, aprobado definitivamente polo pleno do concello o 29/12/2004 (DOG 02/02/2005).
O proxecto de equidistribución por concerto foi aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 06/08/2007 (BOP 11/09/2007), e tivo unha subsanación aprobada por Xunta de Goberno Local de 18/08/2008. Os terreos destinados a sistema xeral viario foron cedidos e incorporados ao dominio público municipal
O proxecto de urbanización foi aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 21/11/2011, incluíndo unha separata referida ao vial de sistema xeral a sufragar polo Concello de Carballo.

2.4. DITAME XURÍDICO

O concello de Carballo solicita ao letrado Generoso Tato Becerra colexiado 2520 do ICACOR "Ditame xurídico referente á procedencia de acometer a execución do vial de sistema xeral SX-VI1 por parte do Concello de Carballo" que é emitido o 18 de setembro de 2024 e se achega como ANEXO 1 á memoria do plan especial.

Este ditame establece 5 conclusións que se poden resumir en:

PRIMEIRA: Conclúe que é posible, con carácter excepcional e de forma xustificada, obter e executar proxectos referidos a sistemas xerais con carácter anticipado á execución do planeamento.

SEGUNDA: Resulta posible que as actuacións estruturantes referidas ao sistema xeral viario SX-VIl1 sexan asumidas polo concello, sempre que no planeamento se acredite que a actuación non é viable dende a perspectiva da rendibilidade.

TERCEIRA: O Plan Especial de Infraestruturas pola súa natureza, alcance e idoneidade é o instrumentos urbanístico para ordenar detalladamente as actuacións do sistema xeral viario SX-VI1 no seus tramos b) c) d) e e) pudendo afectar a distintas clases de solo.

CUARTA: A aprobación dun novo PEID e do seu posterior proxecto de obras de execución habilita para que se produza unha nova afección real das fincas de resultado e a súa afección aos custes de urbanización no rexistro da propiedade.

QUINTA: Poderá tramitarse nos ámbitos que contan con ordenación detallada a modificación do proxecto de urbanización correspondente con base as determinacións do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións que, de ser o caso, se aprobe.

3. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN. FINALIDADE DO PEID.

O plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo aprobouse definitivamente por *Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio* (DOG 26-02-2016 e BOP 26-02-2016). Trátase dun plan xeral adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG).

De acordo co establecido no artigo 70.1 da LSG a finalidade do presente plan de infraestruturas e dotacións (PEID) é coordinar a execución do sistema xeral viario SX-VI1 nos seus tramos denominados B, C, D e E incorporando unha rotonda no cruce coa rúa Abetos.

Para a formulación do PEID deberase ter en conta o disposto no artigo 73 de la LSG y 183 do RLSG:

> *1. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o <u>establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións</u>, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos apartados ou) e p) do artigo 35.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 50.1 deste regulamento, de conformidade co disposto no artigo 36.4 da mesma lei e 51.4 do regulamento (artigo 73.1 da LSG)*

Os planes especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións adecuadas a súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:

> *a. Delimitación do espazo reservado para a dotación e o seu destino concreto, cualificando os terreos como dotacional de sistema xeral de equipamento de carácter público.*
>
> *b. Implementar as medidas necesarias para resolver as conexións co viario de acceso e cos servizos urbanísticos.*
>
> *c. Establecer a medidas necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade da dotación urbanística.*
>
> *d. Regular as características da dotación e dos parámetros edificatorios aplicables coherentes co solo rústico no que se pretende implantar.*
>
> *e. Establecer a regulación doutros criterios e normas ás que se teña que adaptar o proxecto técnico que desenvolva a dotación urbanística.*

A documentación dos planes especiais axustarase ao disposto no artigo 184 do RLSG.

4. ÁMBITO DO PEID

4.1. ÁMBITO E SUPERFICIE DO PLAN ESPECIAL

O PXOM contempla a creación dun novo sistema xeral viario denominado SX-VI1 paralelo, cara o oeste, á estrada AC-552. Unindo a rotonda ao sur do polígono industrial de Bértoa (na que desemboca a saída 29 da autovía AG-55) coa DP-1902 que une a Vila coa praia de Razo.



O PXOM subdivide este viario de sistema xeral en 5 tramos, segundo a clasificación dos terreos que ocupa e a súa relación cos correspondentes ámbitos de xestión, tal como se detalla no seguinte apartado.

O ámbito do presente plan especial correspóndese sensiblemente cos tramos denominados B, C, D, e E coas seguintes modificacións:

Tramo B:

Está composto polos terreos identificados polo PXOM como trabo B así como os terreos necesarios para dar continuidade a rúa Atenas cun ancho de 12m[1], e continuar co ancho de 12m, no tramo clasificado como solo rústico, da rúa Medico Justo Martínez. Tamén se incorpora neste tramo B parte dos terreos necesarios para a rotonda no cruce coa rúa Abetos.

Tramo C:

Composto polos terreos identificados no PXOM como tramo C e parte dos terreos necesarios para a rotonda no cruce coa rúa Abetos.

Tramo D:

Coincide, con lixeiras adaptacións ao parcelario real recollido no plano topográfico co tramo denominado D do PXOM.

Tramo E:

Coincide co tramo denominado D coa exclusión dos terreos que xa forman parte da rotonda na estrada provincial DP-1902

O viario do sistema xeral ten un ancho de 20m cunha lonxitude total aproximada de 835ml.

A clasificación dos terreos xa identificados como sistema xeral viario descríbese no apartado 2.2 da presente memoria, mentres que as incorporacións ao ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións é:

CONEXIÓN RUA ATENAS:

Incorpóranse ao tramo B terreos clasificados como solo rústico a fin de dar continuidade a está rúa a data de hoxe sen saída ata o sistema xeral SX-VI1.

Incorpóranse 62m² de solo urbano, a fin de corrixir a aliñación dun tramo desta vía mantendo constantes os 12m cos que conta

[1] Corrixindo a aliñación establecida do PXOM en parte desta rúa que realiza un quebro que se corresponde co voladizo das edificacións existentes, estando as fachadas en continuidade cos peches.



CONTINIUDADE ANCHO RÚA MÉDICO JUSTO MARTÍNEZ

A rúa Médico Justo Martinez cruza co sistema xeral viario previsto, trátase de incorporar ao tramo B os terreos clasificados como solo rústico entre o solo urbano e o sistema viario a fin de manter o ancho de 12m do tramo urbano.

Incoporanse a fin de axustar á delimitación ata a zona xa urbanizada 20m² de solo clasificado como solo urbano.



ROTONDA

Incorpóranse aos tramo B e C terreos clasificados como solo rústico (parte en parcelas xa afectadas polo sistema xeral viario).

Deste xeito a superficie total do ámbito ascende a 18.871m² segundo o seguinte desglose:

TRAMO	SUP
1B	5.007m²
1C	5.300m²
1D	3.650m²
1E	4.914m²
TOTAL	18.871m²



4.2. RELACIÓN DE PARCELAS CATASTRAIS AFECTADAS

Recóllese a continuación a relación de parcelas catastrais afectadas parcial ou totalmente efectos da súa notificación durante a tramitación do plan especial (ver plano I03- CATASTRO):

TRAMO	REF. CATASTRAL
1B	15019A239000251*
	001100300NH28F*
	001103700NH28F*
	15019A23900**111**
	15019A23900**306**
	15019A23900**307**
	15019A23900**113**
	15019A23900**129**
	15019A23900**128**
	15019A23900**127**
	001101300NH28F
	0011**019**00NH28F
	0016**001**00NH28F
1C	15019A24000**150**
	15019A24000**092**
	15019A24000**151**
	15019A24000**156**
	15019A240000**95**
	15019A240000**96**
	15019A240000**97**
	0011**031**00NH28F
	54569**04**NH2855N
1D	54569**26**NH2855N
1E	- **

* Parcelas que segundo datos catastrais atopanse moi parcialmente afectadas, non afectadas na realidade

** Para o tramo 1E os terreos polos que discorre o SX-VI1 son dominio público que foron obxecto de cesión no proxecto de equidistribución do ámbito de SUNC UU R2

Tendo en conta a aprobación definitiva do proxecto de equidistribución deberá notificarse á Xunta de Compensación cun prazo mínimo de dez días para que poidan formular as alegacións convenientes. No acaso de non ser posible esta notificación realizarase a mesma de maneira individual aos propietarios do ámbito SUNC-UU-R2.

5. ESTADO ACTUAL. USOS DO SOLO. CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO E DA CONTORNA

5.1. TOPOGRAFÍA

O Concello de Carballo elaborou un levantamento topográfico do trazado do sistema xeral viarios SX-VI1que se emprega como base ao presente plan especial.

O inicio do vial no extremo nordeste parte da rasante de +130m coincidente coa rasante actual da rúa Médico Justo Martínez e á que chega o tramo A do sistema viario xa en execución.
No extremo suroeste de contacto coa estrada provincial, conecta cunha rotonda existente a unha rasante de +104m

O trazado atravesa tamén na zona norte a rúa Abetos que presenta no contacto unha rasante de +125m onde se prevé unha nova rotonda.

Deste xeito o desnivel total que salva o viario é de 26m, nos seus 835metros lineais o que supón unha pendente media de 3,11%.

Vista do ámbito dende a rúa Medico Eduardo Mariño (cara o sur).

Vista do ámbito dende a rúa Medico Eduardo Mariño (cara o norte)

5.2. USOS DO SOLO. ELEMENTOS NATURAIS E CONSTRUCIÓNS EXISTENTES

Segundo os datos do Sistema de Información de Ocupación do Solo (SIOSE) 5K do ámbito de Galicia Costa do ano 2017, a maior parte dos terreos están destinados a cultivo herbáceo e prados atopando tamén terreos destinados a zona verde artificial e arboredo urbano, nas parcelas con edificacións.

A carón da rúa Abetos, existen varias parcelas destinadas a frondosas perennifolias e coníferas, e no tramo intermedio á altura do centro de saúde existen repoboacións forestais e matoqueira.

No extremo norte o ámbito colle unha pequena porción dunha parcela destinada a frondosas caducifolias e na zona sur unha pequena superficie destina a hortas.

A distribución de usos do solo recóllese no plano I04- Usos do solo estado actual.

No ámbito do plan especial, atopamos varias construcións afectadas polo trazado viario.
Ao sur unha vivenda e construción auxiliar en claro estado de abandono e sen valor cultural, no tramo denominado E, xa afectada pola ordenación do SUNC-UU-R2.

Construcións tramo D

Ao norte no tramo B, na parcela situada no número 40 da avd. Abetos cunha vivenda unifamiliar de 1997 aféctase á piscina e edificación auxiliar dentro da parcela axardinada.

Parcela afectada tramo B

Na parcela 31 do polígono 11, co número 28 da rúa Fernando Camarot afectase a unha das construcións auxiliares existentes na parcela.

Aféctanse varios peches de parcela sen valor patrimonial.

Peches rúa Abetos

6. AVALIACIÓN DA MOBILIDADE

A finalidade do plan especial é a apertura dun dos viais estruturantes previstos no plan xeral para a mellora da mobilidade na vila de Carballo.

O PXOM de Carballo na súa memoria en canto á estrutura da Vila indica que esta desenvólvese a o longo da estrada AC-552, sendo necesario completar infraestruturas viarias e apertura d novos viais estruturantes para coser a malla urbana de norte a sur e de este a oeste.

Sendo un dos principais obxectivos do PXOM a mellora da infraestrutura viaria para mellorar a mobilidade tanto na vila como a nivel territorial.

O obxecto do plan especial polo tanto non xera tráfico en sí se no que posibilita a execución das propostas de mobilidade previstas no PXOM creando unha alternativa de tráfico a estrada AC-552 que travesa o centro da vila conectando a rotonda ao sur do polígono industrial de Bértoa (na que desemboca a saída 29 da autovía AG-55) coa DP-1902 que une a Vila coa praia de Razo.

Deste xeito se crea unha alternativa para o tráfico de xeito que non atravese a Vila o que posibilitará actuacións de humanización no tramo situado ao norte da vila da AC-552.



7. AFECCIÓNS DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL

Atendendo as afeccións sectoriais recollidas no Plan Básico Autonómico actualizado por resolución do 16/12/2024 da DX de Urbanismo (DOG 10/01/2025) no ámbito do plan especial atopamos as seguintes afeccións:



AUGAS CONTINENTAIS:

- Parcialmente afectado pola zona de policía de cauces do Rego da Balsa
- Unha pequena porción no último tramo, dentro dos terreos clasificados como urbano non consolidado que contan con ordenación detallada están na zona inundable T100 e T500 do Rego da Balsa.

ESTRADAS SUPRAMUNICIPAIS

- Enlaza coa estrada provincial DP -1902

ENERXÍA ELÉCTRICA

- O extremo norte do PE é atravesado por unha liña eléctrica de media tensión, existindo no interior do ámbito un dos apoios da liña.

En canto a outras afeccións:



MINARÍA:

Existe unha afección en materia de minas correspondente á concesión *"Virgen de la Estrella"* (AC/B/01006) cuxo titular é a entidade *"Baños Viejos de Carballo, S.A."*. A concesión é para aproveitamento de augas minerais, industriais e de manancial.

8. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Os instrumentos de ordenación territorial que afectan ao municipio de Carballo son os seguintes:

- *Directrices de ordenación do territorio* (DOT).
- *Plan de Ordenación do litoral de Galicia* (POL).
- *Plan sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na C.A. de Galicia* (PSOAEG).
- *Proxecto sectorial do Parque empresarial de Carballo.*
- *Modificación nº 1 do Proxecto sectorial do Parque empresarial de Carballo.*
- *Modificación nº 2 do Proxecto sectorial do Parque empresarial de Carballo.*
- *Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte.*
- *1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia cara á neutralidade carbónica 2021-2040.*
- *Parque eólico de Monteagudo.*
- *Parque eólico de Pedrarrubia.*

Ningún destes instrumentos incide sobre o ámbito do PEID, unicamente imos a considerar os criterios que se establecen nas DOT.

- DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT).

O concello de Carballo forma parte do Sistema urbano intermedio que corresponde a *"Carballo e a costa de Bergantiños" cuxo papel é:*

"constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, tras as sete cidades principais, de gran importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial, facendo posible que todo o territorio participe nas iniciativas de desenvolvemento. Son ámbitos crave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio".

Unha das estratexias para o fortalecemento do sistema urbano intermedio é:

"Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio, para configurar vías máis atractivas, con posibilidades de permeabilidade transversal e sobre os que se desenvolven programas de recuperación paisaxística recalificando uns espazos crave para a estruturación do territorio e a calidade de vida dos seus habitantes, así como desenvolvendo proxectos de mellora e sustentabilidade da mobilidade e da cohesión".

No apartado 4.1.5 recóllese unha determinación orientativa en canto ás estradas:

"Procederase de forma progresiva á eliminación de travesías e de tráficos de longo percorrido polas zonas urbanas. A execución de variantes de poboación implicará a transferencia aos diferentes municipios daqueles tramos de estrada que foron substituídos pola nova infraestrutura no momento da súa posta en servizo e a posta en marcha de medidas de humanización"

A actuación prevista no presente plan especial, que é a apertura dun sistema xeral viario (SX-VI1) como alternativa de tráfico á estrada AC-552 ao seu paso pola Vial de Carballo facilitando a súa integración mediante actuacións de humanización na malla urbana, está claramente aliñada coas determinacións e obxectivos establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio para o Sistema Urbano intermedio.

A determinación excluínte 9.3. establece que
"Calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación.
Os traballos de análises referidas incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico."
No apartado 10 da presente memoria achégase a información recabada da exploración e recoñecemento do ámbito do plan especial.

Haberá que considerar o disposto na determinación excluínte 1.4.:
"Os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de planeamento urbanístico, deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nas DOT."
Xustificase, segundo o descrito no parágrafo anterior, a coherencia do plan especial coas Directrices de Ordenación do Territorio no apartado 4.3 da memoria xustificativa

9. ESTUDO DA PAISAXE

Como anexo 1 á memoria xustificativa do Plan Especial incorpórase un estudo de paisaxe que integra as consideracións dos seguintes textos legais:

- *Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia* (LPP).
- *Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia* (RLPP).
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.*
- *Catálogo das Paisaxes de Galicia.*

10. PROSPECCIÓN. ELEMENTOS DO PATRIMONIO CULTURAL

Atendendo á Determinación 9.3 das DOT realizouse unha prospección do ámbito do plan especial, co obxecto de identificar a existencia de bens con valores merecedores de protección e no seu caso telos en conta na ordenación do plan especial e incorporalos ao seu catálogo.

Esta prospección realizouse entre os meses de decembro do ano 2024 e inicio do ano 2025 percorrendo a totalidade do ámbito como o seu contorno.
Como resultado desta prospección se obteñen as seguintes conclusións:

No ámbito do plan especial, afectado polo trazado do viario, atopamos ao sur unha vivenda e construción auxiliar en claro estado de abandono e sen valor cultural, no tramo denominado E, xa afectada pola ordenación do SUNC-UU-R2.
Ao norte no tramo B, na parcela situada no número 40 da avd Abetos cunha vivenda unifamiliar de 1997 aféctase á piscina e edificación auxiliar dentro da parcela axardinada.
Aféctanse varios peches de parcela sen valor patrimonial.

Vista dende o sur

Entorno rúa Abetos

No entorno próximo ao ámbito do Plan Especial atopase un hórreo ao leste do tramo B, que xa catalogado pola modificación puntual nº 5 do PXOM con clave H-05040. O plan especial non afecta ao elemento nin ao seu contorno de protección.

prieto e santiago

H-05040

Parroquia: Santa María de Bértoa

Núcleo: Mirón

Coordenadas ETRS89 UTM 29N: 525683 / 4785973

Ref.Catastral: 15019A23900303

Elementos catalogados vinculados:

A. DESCRICIÓN ARQUITECTÓNICA

Hórreo: de pedra	**Cronoloxía:**
Tipo: Noia	
Dimensión (m): 5x2	**Proporción:** 2.5

B. CARACTERÍSTICAS NORMATIVAS E PROTECCIÓN DO BEN

Clasificación: Catalogado	**Criterio:** 1	**Categoría:** Monumento
Nivel de protección: Estrutural		**Estado de conservación:** Bo
Clase de solo: SU-C		**Titularidade:** Privado

Actuacións autorizables:
As indicadas na Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, segundo o nivel de protección.

Determinacións para a súa conservación: CN

Referencia normativa:

MP Nº 5 DO PXOM DO CONCELLO DE CARBALLO
CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE CONXUNTO DE HÓRREOS

SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)
RUBÉN SANTIAGO TOJO (COL Nº 5012 COAG)

CONCELLO DE CARBALLO

DOC. PARA APROBACIÓN PROVISIONAL
SETEMBRO 2021

Asinado por: MOSQUERA GARCIA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 05/08/2022 13:17:30
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMAV de 2/3/2022
CVE: (2022JE1JUS2J8)
Validación: https://sede.e-xunta.gal/cve

prieto e santiago

H-05040

C. DELIMITACIÓN ÁMBITO DE PROTECCIÓN

Base
- Edificacións
- Edificacións tradicionais

Patrimonio
- Hórreo catalogado
- Elemento catalogado
- Contorno patrimonio arquitectónico
- Contorno patrimonio arqueolóxico

Clase do solo
- SNRC
- SNRT
- SRPA
- SRPAU
- SRPC
- SRPEN
- SRPF
- SRPIN
- SRPO
- SRPP
- SRPPX
- SUB
- SUC
- SUNC

D. DELIMITACIÓN SOBRE ORTOFOTOGRAFÍA

MP Nº 5 DO PXOM DO CONCELLO DE CARBALLO
CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE CONXUNTO DE HÓRREOS

SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)
RUBÉN SANTIAGO TOJO (COL Nº 5012 COAG)

CONCELLO DE CARBALLO

DOC PARA APROBACIÓN PROVISIONAL
SETEMBRO 2021

Asinado por: MOSQUERA GARCIA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 05/09/2022 13:17:35
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 23/05/2022
CVE: [illegible]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Polo tanto, o resultado da prospección é que non se atopou ningún elemento que se puidera considerar merecedor de protección polo que non é preciso a consideración na redacción do plan especial de ningún elemento e o plan especial no precisa da elaboración dun catálogo específico de bens a protexer.

En calquera caso, na tramitación da presente Plan Especial deberase ter en conta o disposto no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), referente aos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio, que se transcriben a continuación:

- No caso de plans, programas ou proxectos sometidos a un procedemento de avaliación ambiental, o organismo competente para a súa tramitación solicitará o informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural segundo o establecido na normativa reguladora dos ditos procedementos de avaliación ambiental. As condicións e conclusións deste informe incluiranse nos resultados do informe ambiental que corresponda.

- Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico serán sometidos ao informe preceptivo e vinculante da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Os documentos que se elaboren deberán ter en conta as medidas necesarias para a salvagarda dos bens culturais existentes e a incorporación integrada ás súas previsións e,__tras aprobarse inicialmente, serán remitidos para o seu informe, que será emitido no prazo de tres meses. Tras transcorrer o devandito prazo desde a data de entrada da solicitude de informe no órgano competente para a súa emisión, entenderase que este é favorable.

- Os procedementos descritos neste artigo serán de aplicación tamén no caso de revisións ou modificacións dos plans, programas ou proxectos.

11. ANÁLISE DE RISCOS

Neste apartado inclúese o análise de riscos no ámbito, en cumprimento do disposto no *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*, e do establecido nas DOT.

> ***DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA***
>
> *3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos a os que se expoñen o territorio e o seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos del proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais o que deixen de ser funcionais no caso de materialización del risco.*

O ámbito do plan especial non está exposto a riscos naturais e antrópicos, tratándose da execución dun vial polo que non se poden ver afectados persoas ou bens materiais.

Firman o presente en outubro de 2025

Iria Pérez Miranda (arquitecta colexiada 3194 do COAG)

Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto colexiado 3877 COAG)